



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

## Cedeira - ORDENANZA FISCAL N.º 2.3, REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS, COMUNICACIÓNS PREVIAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS

Publicación provisional : 17-11-2009 BOP Nº 245 -- Publicación definitiva : 31-12-2009 BOP Nº 274  
Redacción Aplicable desde 19-05-2016

Redacciones

- Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.
- Artigo 2.º.-Feito imponible.
- Artigo 3.º.-Suxeito pasivo.
- Artigo 4.º.-Responsables.
- Artigo 5.º.-Base Imponible.
- Artigo 6.º.-Cota tributaria.
- Artigo 7.º.-Exencións e bonificacións.
- Artigo 8.º.-Remuneración.
- Artigo 9.º.-Declaración.
- Artigo 10.º.-Liquidación e ingreso.
- Artigo 11.º.-Infraccións e sancións.
- Disposición final

### Artigo 1.º.-Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade con o disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa por Licenzas Urbanísticas e outros servizos urbanísticos", que se rexerá tanto pola presente Ordenanza Fisca, como no seu caso, pola a xeral de Xestión, Recadación e Inspección, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 57 e concordantes do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

### Artigo 2.º.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica e administrativa, tendente a verificar os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licencia municipal ou a trámite de comunicación previa sinalados na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e que se realicen no termo municipal, axústanse ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na normativa vixente de aplicación. Tamén están suxeitas outros servizos urbanísticos de planeamento contemplados na lexislación vixente.

### Artigo 3.º.-Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, ocupantes dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

### Artigo 4.º.-Responsables.

A responsabilidade, solidaria ou subsidiaria, das obrigas tributarias do suxeito pasivo, aplicarase nos supostos e co alcance que se sinala nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 5.º.-Base Imponible.

Constitúe a base imponible da taxa:

- A superficie real en parcelacións e reparcelacions, primeira utilización e modificación do uso dos edificios e dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública e demais procedementos de planeamento.
- O presuposto de execución material a efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e obras nas menores, maiores ou de modificación de edificios, movementos de terras, demolicións e demais non taxadas expresamente.
- Os metros lineais de fachada nas de aliñacións e rasantes.

### Artigo 6.º.-Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade segundo a natureza do proxecto de obras en función de diferentes escalas, sendo as tarifas e cotas dos distintos epígrafes compatibles entre si.
2. Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTO	Cota
Epígrafe 1.º. Licencias de obra maior, demolicións, movementos de terra, legalizacións, comunicacións previas e demais servizos no taxados expresamente:	
- Cota tributaria sobre o presuposto de execución material a efectos do imposto sobre construcións, instalacións e obras	0,6 %
Epígrafe 2.º. Parcelacións e segregacións de parcelas	
- Por cada nova parcela ou terreo resultante.	120,00
Epígrafe 3.º. Reparcelacions	
- De ata 10.000 m <sup>2</sup>	1.000,00
- De máis de 10.000 ata 30.000 m <sup>2</sup>	1.800,00
- De máis de 30.000 m <sup>2</sup>	2.200,00
Epígrafe 4.º. Solicitude de rasantes e aliñacións	

- De ata 10 m de lonxitude	60,00
- De máis de 10 ata 50 m de lonxitude	100,00
- De máis de 50 m de lonxitude	120,00
Epígrafe 5.º. Licenzas para a primeira utilización de edificios e a modificación do seu uso	
- Superficie construída ata 300 m <sup>2</sup>	150,00
- Superficie entre máis de 300 ata 1.000 m <sup>2</sup>	320,00
- Superficie de máis de 1.000 m <sup>2</sup>	470,00
Epígrafe 6.º. Procedementos de planeamento	
Estudos de detalles e as súas modificacións	
Por cada 100 m <sup>2</sup> ou fracción de superficie afectada polo mesmo (mínimo 82,00 €)	1,64
Plans parciais, plans especiais, plans de sectorización e as súas modificacións	
Por cada 100 m <sup>2</sup> ou fracción de superficie afectada polo mesmo (mínimo 160,00 €)	1,64
Proxectos de urbanización	
Por cada 100m <sup>2</sup> ou fracción de superficie afectada polo mesmo (mínimo 120,00 €)	1,85
Epígrafe 6.º. Carteis de propaganda colocados de forma visible dende a vía pública	
Carteis con superficie de ata 4 m <sup>2</sup>	80,00
Carteis con superficie entre 4 m <sup>2</sup> e 8 m <sup>2</sup>	100,00
Carteis con superficie maior de 8 m <sup>2</sup>	150,00
Epígrafe 7.º. Certificacións urbanísticas	
1. Certificacións de información urbanística	40,00
2. Certificados sobre cuestións en materia de Urbanismo referentes a procedementos que deban surtir efectos noutros Organismos Públicos.	10,00

### 3.-Regras especiais.

a) No caso de solicitude de prórrogas das licencias do epígrafe 1, establécese unha porcentaxe do 0,15 por 100 como tipo de gravame sobre ou custo da execución material.

b) No caso de modificación de licencias do epígrafe 1, aplicarase o mesmo tipo que para a solicitude de licenzas ou comunicación previa, sobre o presuposto de execución material modificado, con dedución sobre o xa abonado pola licenzas inicial, sen perxuício da cota mínima correspondente.

c) Os cambios de titularidade das licencias e demais actividades suxeitas a taxa devengarán unha cuota fixa de 30,00 €.

d) En todo caso, establécese como cota mínima o importe de 15 €, agás para o epígrafe 7.2.

## Artigo 7.º.-Exencións e bonificacións.

So admitiranse vos beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

## Artigo 8.º.-Remuneración.

1. Devengarse a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenzas urbanística ou a comunicación previa correspondente.

2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo ningún pola denegación da licenzas solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimiento do solicitante unha vez iniciado o trámite correspondente.

## Artigo 9.º.-Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenzas de obras ou iniciar o trámite da comunicación previa presentarán, no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando documentación visada polo Colexio Oficial respectivo, no seu caso, con especificación detallada da natureza da obra e lugar de localización, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e o destino do edificio.

2. Cando se trate de licenzas ou comunicacións previas para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un Presuposto das obras a realizar, como unha descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto os datos do cal permitan comprobar o custo daqueles.

3. Se despois de formulada a solicitude modificácese ou ampliase o proxecto ou a obra, deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

4. Os interesados están obrigados a presentar, xunto co proxecto modificado, o xustificante de ingreso da autoliquidación da taxa resultante pola diferenza, sen que poida resultar unha cota inferior ao derivada do orzamento inicial.

## Artigo 10.º.-Liquidación e ingreso.

1. De conformidade co previsto no artigo 26.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, toda solicitude de licenzas ou comunicación previa, para que poida ser admitida a trámite, deberá acompañarse do xustificante do pagamento da presente taxa.

2. A tales efectos e segundo o previsto no artigo 27 do citado texto refundido, o importe da taxa regulada na presente Ordenanza, se esixirá en réxime de autoliquidación, debendo presentarse simultaneamente coa oportuna solicitude, non facultando o petionario para realizar a actividade solicitada nos casos que proceda a concesión dunha licenzas.

3. Os escritos recibidos polos condutos distintos do Rexistro Municipal, a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que non vingan acompañados do xustificante de ingreso dos dereitos correspondentes, serán admitidos provisionalmente pero non poderá dárselles curso sen que se emende a deficiencia ao fin da cal se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa notificado o devandito requirimento, aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude, previos os trámites oportunos.

4. En todo caso, unha vez iniciado o expediente, a Administración municipal poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo dos dereitos correspondentes e, á vista dos resultados de tal comprobación, practicará a liquidación oportuna, con dedución do ingresado, se é o caso, mediante autoliquidación.

5. A práctica da devandita liquidación, éo sen prexuízo da potestade administrativa para a inspección dos datos declarados ou da actividade desenvolvida realmente polo suxeito pasivo, e para a aplicación de sancións, se a iso hubiere lugar.

6. Todas as liquidacións que se practiquen como consecuencia da regulado nos apartados anteriores serán notificadas aos obrigados ao pagamento, para o seu ingreso nas arcas municipais a través de entidade colaboradora correspondente, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento.

### **Artigo 11.º.-Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que por estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desta última.

### **Disposición final**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.